

O Diñeiro e as Institucións que a el se refiren



Miguel A. Bastos

Universidade de Santiago de Compostela

O Diñeiro
e as Institucións que a el se refiren

Miguel A. Bastos

Universidade de Santiago de Compostela

Publicado polo European Liberal Forum asbl, co apoio da Asociación Galega pola Liberdade e a Democracia (Galidem) e o Movemento Liberal Social (MLS).
Financiado polo Parlamento Europeo.

O Parlamento Europeo non é responsábel do contido da publicación. Os puntos de vista expresados na publicación son dos respectivos autores e non reflicten necesariamente os puntos de vista do European Liberal Forum asbl.

copyright @ 2014 European Liberal Forum asbl, Bruxelas, Bélxica.

Esta publicación só pode ser reproducida, arquivada ou transmitida, en calquera formato ou por calquera medio, coa autorización previa por escrito do editor. As cuestións relacionadas con a reprodución fora destes termos deben ser enviadas ao European Liberal Forum. Unha copia dixital desta publicación poderá ser obtida gratuitamente en www.liberalforum.eu, www.galidem.eu ou www.liberal-social.org.

Para informacións adicionais e distribución:

galidem - Asociación Galega pola Liberdade e a Democracia
Rua do Bispo Lago 33,
E36700 Tui (Galiza), España
www.galidem.eu
galidem@galidem.eu

MLS - Movemento Liberal Social
Rua Ramalho Ortigão, 31, CV DTA
1070-228 Lisboa . Portugal
www.liberal-social.org
secretariado@liberal-social.org

Ficha Técnica:

Título: Os Diñeiro e as Institucións que a el se refiren
Serie: Unidades Didáticas sobre Liberalismo. III. Economía.

Autor: Miguel A. Bastos

Editor: European Liberal Forum asbl

Capa: Moeda de Ouro do Antigo Reino Suevo da Gallaecia

Revisión do texto: Eduardo L. Giménez

Imprime: *Faster Print*

Palabras-chave: diñeiro, institucións, liberalismo, liberal, economía, pensamento liberal.

Índice

1.	Introdución	p. 1
2.	A orixe do diñeiro	p. 2
3.	As función do diñeiro	p. 5
3.1.	O diñeiro como unidade de conta	p. 5
3.2.	O diñeiro posibilita a división do traballo	p. 6
3.3.	O diñeiro como depósito de valor	p. 7
3.4.	O diñeiro como garante da liberdade do ser humano	p. 8
3.5.	O diñeiro como medio de pago	p. 9
3.6.	Comentario final	p. 9
4.	A intervención estatal na moeda e crédito	p.10
5.	As enfermidades do diñeiro	p.17
5.1.	A inflación	p.17
5.2.	As crises económicas	p.21
7.	Conclusións: Voltar a un patrón monetario san	p.25
	Para saber máis...	p.26
	Resumo	p.27
	Actividades	p.28

1

Introdución

O diñeiro é a principal das institucións económicas. Por unha banda todos a coñecemos e a usamos varias veces ao día, en todas as súas formas (moedas, billetes, tarxetas de crédito, cheques...); e por outra banda, é un mundo misterioso plagado de institucións dotadas de características case máxicas investidas de poderes cuase sobrenaturais, como son os modernos bancos centrais, que se expresan os seus arcanos cunha linguaxe críptica e pouco comprensíbel para o común dos mortais pero que debidamente interpretadas parecen causar efectos inmediatos sobre a vida económica. É destas institucións de onde se supón que sae en última instancia o diñeiro actualmente existente.

Como podemos observar o diñeiro é algo moi común e moi extraño: ao mesmo tempo, amado por uns, como se deduce do feito de que moitas persoas adican a súa vida a obtelo; e odiado por outros, como se pode ver na literatura, nas artes ou nos discursos de moralistas. Primeiro, entón, debemos entender a súa orixe e funcións para logo poder entender as institucións que o conforman e as enfermidades que lle afectan.

2

A orixe do diñeiro

Para entender a orixe do diñeiro debemos primeiro imaxinar como podería ser un mundo no que o diñeiro non existise. Iríamos ao mercado a intentar trocar os nosos bens, por exemplo unha vaca, por outros bens dos que tivesemos necesidade, por exemplo martelos e un vestido. O problema sería duplo.

En primeiro lugar tería que darse unha **dupla coincidencia** entre os distintos compradores e vendedores; isto é, que quen queira a vaca ten que poder ofertarme martelos e vestidos ao mesmo tempo. Isto cal restrinxe enormemente o abano de escolla tanto de vacas como de martelos e vestidos. Simultaneamente, faise moi difícil atopar unha contraparte, e mais no caso de que o ben que ofertemos ou o que demandemos sexa un ben de consumo pouco frecuente. Teríamos que preguntarlle a todos os ofertantes dos ben que necesitamos se queren unha vaca e que bens están dispostos a ofertar a cambio dela.

A isto sumáselle un segundo problema: o da **diferencia de valores** entre os bens ou servizos intercambiados e o problema de como axustar o intercambio. Supoñamos que topamos con alguén que ten un vestido e un martelo pero de pouca calidade, dun valor ao noso xuízo inferior ao da nosa espléndida vaca. Como axustaríamos o trato sen posibilidade de darnos cambio? Teríamos que levar un vestido e catro martelos, aos que non poderíamos atopar utilidade, a cambio da vaca? Moitos dos bens o servizos intercambiados non son fácilmente divisíbeis sen perder as súas cualidades (un cabalo troceado non é o mesmo cun cabalo vivo, ou os servizos dun médico non son exactamente iguais aos de outro médico reputado como máis experto ou competente por exemplo), o cal dificulta máis aínda o cambio directo ou troco.

Historiadores do diñeiro como Carl Menger (1840 -1921), Ludwig von Mises (1881-1973) ou Elgin Groseclose (1899–1983) afirmaron que os primitivos comerciantes solventaron tal problema a través do intercambio indirecto por medio de algunha mercadoría xa existente. Isto é: cambiábase o ben por algunha outra mercadoría con máis fácil saída, e logo esta polo ben desexado.



Figura 1: Dinar de ouro do Rei Lobo da Taifa de Murcia (1125-1172)

Calquer mercadoría podería valer para este fin e de feito se usaron moitas: o cacau, cunchas mariñas, o sal, o tabaco, etc. Pero co paso do tempo impuxéronse espontaneamente para estes fins trozos de determinados metais, como o ouro e prata. A razón da adopción destes metais puido ser unha serie de cualidades que posúen: non se oxidaban e polo tanto perduraban no tempo;¹ a súa calidade era homoxénea; a súa gran maleabilidade que permitía acuñalos ou fragmentalos en pequenas unidades a vontade;² ou, a súa escasez relativa a outros bens, o cal as dotaba de moito valor en relación a súa cantidade.

Estos trozos de metal, redondos case sempre, foron logo acuñados con símbolos, rostros ou marcas, para identificalos tanto en lei como en peso, e deste xeito homoxeneizalos aínda máis e facilitar o comercio e o cálculo. Esta cuñaxe realizouse inicialmente en cecas privadas e cobrábase unha pequena porcentaxe polo servizo prestado chamada *señoreaxe*. Pero co tempo, esta función foi monopolizada polos gobernantes para quedarse con tales dereitos e, como veremos máis adiante, para poder manipular a súa lei

¹ Por eso non se utilizou habitualmente o ferro, por exemplo, salvo algúns casos históricos. Este é o caso de Esparta que, por designio dos seus gobernantes, empregouse moedas de ferro para impedir que a xente as atesourase.

² En caso de escasez de metal, empregábanse moedas de tamaños ínfimos, como as moedas medievais rusas de prata que había que lamber coa lingua de enriba da mesa e logo cuspir nunha bolsa adaptada a tal fin.

e poder usala como medio de financiamento das súas actividades.

Dende entón a moneda leva impresa símbolos relativos ao poder político, e levou a confusión a moitos sobre a orixe real do diñeiro, que foi atribuída dende entón ao Estado. O poder político, a través do uso da lexislación, ou grazas ao seu poder centralizado de compra,³ pode optar polo uso dun determinado ben –sexa metal, papel ou incluso como hoxe apuntes electrónicos nas contas bancarias–, e forzar ao resto de actores económicos a aceptalos como moneda dentro dos seus territorios baixo seu dominio. De ahí deriva a idea compartida por autores como George Griedrich Knapp (1842–1926) ou os modernos *chartalistas* de que o diñeiro ten sua orixe no estado.

O que si é certo e que, co tempo, o estado apropiouse do concepto e comezou a establecer mone-
das propias, primeiro a través do monopolio da cuñaxe de moeda metálica e logo, pouco a pouco, a de-
terminar dentro do seu dominio cal debe ser o diñeiro a usar. Así pasouse de *moeda metálica privada* a
moeda metálica estatal, logo a *papel moeda oficial convertible* teóricamente en metal, despois a moeda
de papel sen respaldo metálico, e por fin a usar *diñeiro bancario* (apuntes electrónicos) *convertibles* en
papel moeda sen respaldo metálico. A historia do control estatal do diñeiro é pois a historia da degrada-
ción paulatina da calidade da moeda.⁴

³ O estado é un gran receptor de rentas e un gran emisor de pagos e transferencias, polo que se éste opta por designar un ben determinado como *moeda* con a cal realizar de forma exclusiva as súas transaccións, ese ben terá moitas opcións de ser usado como *diñeiro* polo resto da sociedade .

⁴ Para ser xustos debemos indicar que a degradación da moeda e case tan vella como a propia historia do diñeiro. Xa os antigos reis gregos e os romanos, por exemplo, gustaban de alterar a aleación metálica misturando o ouro ou a prata con metais máis ruins como o cobre o níquel, mantendo eso así o valor nominal da moeda.

3

As funcións do diñeiro

Como antes se apuntou, o diñeiro, coma outras ordes espontáneas, cumpre unha enorme cantidade de funcións sen as cales a coordinación da vida social sería moito máis difícil. Estas funcións son servir de unidade de conta, posibilitar a división do traballo, serve como depósito de valor, é garante da liberdade do ser humano, e, finalmente, serve como medio de pago.

3.1. O diñeiro como unidade de conta.

A primeira das funcións do diñeiro sería a de servir de **unidade de conta**. O diñeiro serve para poder transformar as distintas valoracións que facemos dos distintos bens nunha única medida de tal forma que nos sirva para poder comparar valores e formar prezos. Sen esta función non poderíamos establecer cálculos económicos nen estimar a idoneidade das nosas compras e adquisicións. Precisamos dunha unidade común para poder valorar os distintos bens e poder desta forma intercambialos.

E difícil estimar o valor dunha mesa en termos de queixos, ou de computadores, ou de libros, ou de viaxes a Ourense desde Vigo, por exemplo. Pero se somos capaces de establecer o valor dunha viaxe, un queixo ou unha mesa en termos de moedas de ouro ou prata podemos establecer inmediatamente comparacións e valorar se podemos afrontar ou non a adquisición de algún de esos bens partindo dos bens dos que nos mesmo dispoñemos.

Sen esta función tampouco poderíamos facer os cálculos necesarios para nosa vida cotián. Todos nos temos gardados nas nosas cabezas, sen darnos conta, varios miles de prezos que nos serven para actuar. Grazas a eles podemos valorar e escoller en cada momento o itinerario a seguir para chegar o traballo, que tipo de transporte imos a usar, que imos comer, vestir, etc.

Sen esta función do diñeiro non poderíamos facer un uso adecuado dos nosos escasos recursos, e nosa vida faríase moito máis difícil.

Esta función tamén serve para que os distintos actores económicos poidan tomar adecuadamente as súas decisións de investimento, e poidan coñecer os beneficios e perdas das súas actuacións, podendo por tanto corrixir os erros ou abondar nas decisións exitosas.

Sen esta función de medida a vida económica, polo menos tal e como a entendemos hoxe quedaría reducida ao caos. Faríase imposible dispor da inmensa maioría de bens e servizos dos que hoxe disfrutamos.

3.2. O diñeiro posibilita a división do traballo.

Outra función que nos ofrece o diñeiro e a de **posibilitar a división do traballo** entre as persoas, permitindo a aparición de traballos altamente especializados e que de por sí non serían posibles nunha sociedade sen diñeiro.

Muitos procesos produtivos precisan da cooperación de centos ou miles de personas, sen que ningunha delas en particular sexa quen de poder elaborar o produto na súa integridade. A fabricación dun automóbel por exemplo precisa de pintores, mecánicos, e chapistas, pero tamén de enxeñeiros, administrativos e personal de mantemento, sen que poda atribuírse a ninguén en concreto o produto final. Nunha situación de troco non monetario sería imposible poder atribuír a cada un deles o valor que engaden á produción, e, por tanto, dificilmente poderían ser producidos da mesma forma que hoxe se fan.

Outros servizos son indivisibles ou non teñen valor individual. Imaxinemos a unha locutora de radio querendo, por exemplo, cambiar unha locución súa por un kilo de carne nun supermercado, e non só porque tal servizo pudiera carecer de valor para o carnicero, senon porque tal servizo non se pode modular, de tal forma que se quixera dous kilos de carne e un de cebolas sería absurdo que tivese que ler a noticia dúas veces, ou so ler un párrafo para obter un deses bens. O normal e que locute as novas, as transforme en diñeiro e logo con ese diñeiro adquira os bens que precise.

O **intercambio indirecto** a través do diñeiro fai posible non so a especialización das persoas, senon a mesma existencia de ocupacións e empregos que sen el non terían existido.

O diñeiro tamén posibilita e facilita a división do traballo entre organizacións e entre os distintos territorios e países existentes no mundo. Permite ás empresas adquirir os factores de produción precisos para o seu funcionamento e permitelle, da mesma forma que ao individuo, especializarse naqueles sectores nos que conte con algún tipo de ventaxa comparativa sen temor a carecer dos factores de produción precisos para tal tarefa, dado que agora os poderá adquirir, valorar e por tanto calcular en termos de custos e beneficios.

Tamén permite aos distintos países producir aquilo que lles sexa máis ventaxoso. Sen embargo aquí, como veremos máis adiante, danse problemas derivados da existencia de múltiples moedas no mundo, o cal dificulta o cálculo e xera barreiras ao comercio mundial, que as veces poden ser moi serias.

3.3. O diñeiro como depósito de valor.

Outra das tarefas que desempeña o diñeiro é a de ser un **depósito de valor**. O diñeiro permite **trasladar o valor dos aforros no tempo e no espazo**, ao permitir transformar nosos bens e riquezas en unidades monetarias, e por tanto gardalas para poder usalas no futuro ou en outro lugar. Se queremos, por exemplo, desprazarnos a vivir a outra cidade só temos que transformar a nosa casa, mobles ou terras en diñeiro e logo trasladalo á nova localidade e transformalo de novo alí en casas e enseres sen ter que pasar pola engorrosa tarefa detentar trocar nosos bens aquí por outros semellantes alá.

Permite tamén trasladar valores no tempo, trasladando riquezas sobrantes hoxe cara o futuro onde presumimos que nos poidan ser máis necesarias a través do aforro. Ou ao revés, financiar consumos ou investimentos presentes con pagos en base a aforros futuros a través do crédito que canaliza aforros de outras persoas.

Sen diñeiro non sería tan doada esta función de arbitrase de recursos, xa sexa no tempo ou entre persoas.

3.4. O diñeiro como garante da liberdade do ser humano.

Alén das función anteriores, o diñeiro como depósito de valor ten unha función que case nunca se apunta nos tratados de teoría monetaria e que ten que ver coa *dignidade e autonomía do ser humano*. O diñeiro é unha das institucións claves á hora de **garantir a liberdade humana**, ao permitírnos afirmar os nosos propios gustos, e permitírnos levar o estilo de vida que nos praxe sen ter que dar explicacións nen pedir permisos. O diñeiro permítenos viaxar a outros sitios ou lugares a vontade; permítenos escoller onde vivir, vestirnos e alimentarnos a noso gusto ao posibilitar a escolla entre diferentes cestas de bens, de acordo claro está cas posibilidades de cada quen. Posibilita a previsión e planexamento do noso futuro e proporciónanos, en suma, autonomía nas nosas vidas ou permítenos incluso adoptar formas de vida alternativas que son máis fáciles nun mundo monetario que nun sen diñeiro. Permítenos domesticar e prever o futuro para non quedar submetidos ás súas veleidades.

Por pór un exemplo, como podería o membro dunha tribu urbana xuvenil, sexa ésta cal sexa, adquirir as indumentarias, música ou referentes estéticos que os identifican con esta cultura en ausencia de diñeiro? Os integrantes desa tribu son relativamente poucos no seu espazo xeográfico, polo que precisan de bens producidos noutras partes do mundo. O diñeiro integra as demandas locais dese tipo de bens a nivel mundial grazas ao diñeiro, e permite que estas sexan producidas e logo distribuídas localmente. Sen o diñeiro só se poderían producir bens estandarizados e de fácil troco, pois os bens digamos “extravagantes” non terían fácil saída. O diñeiro é pois unha fonte importantísima de liberdade e autonomía persoal.

3.5. O diñeiro como medio de pago.

Por último, o diñeiro ten unha última función: serve como **medio de pago**. Isto é: serve para pagar débedas, compensar danos ou cumprir obrigas de todo tipo, as principais foron sempre as tributarias, como antes vimos.

Pode considerarse un grande avance civilizatorio o feito de poder cumprir as nosas obrigas con diñeiro, en vez de facer uso de corveas ou traballo obrigatorio como se daba nas épocas nas que o diñeiro ou ben non existía ou era de uso moi escaso. Os tributarios, por exemplo, tiñan que cumprir as súas obrigas traballando varios días nas terras ou muiños do seu señor feudal, privandoos de feito da súa liberdade. Era de feito unha sorte de escravitude temporal, que foi eliminada nos seus aspectos máis penosos coa introducción xeralizada do diñeiro. Tamén no seu momento permitiu eliminar a dura Lei do Talión (ollo por ollo) e sustituila, como nos modernos sistemas xudiciais por multas ou indemnizacións en metálico.

3.6. Comentario final.

As funcións do diñeiro alcanzan non so aos seus usos directos senon ao conxunto da vida social, non sendo os menores dos seus logros os de permitir a coordinación social, a liberdade e por ende a suavización das relacións humanas, permitendo o intercambio pacífico entre seres humanos. As funcións do diñeiro son moitas pero a **construción dunha sociedade** civilizada e próspera, e súa consecuencia, é un **resultado non intencionado**, nen deseñado para ser tal. Pero quen resulta da acción combinada de moitos millóns de persoas durante moito tempo e posibilitada, entre outras institucións, polo diñeiro.

4

A intervención estatal na moeda e crédito

Como se indicou anteriormente, o diñeiro ten orixe na evolución do intercambio dende formas directas a indirectas e na escolla de determinadas mercadorías como diñeiro.

Tamén dende moi antigo os gobernantes quixeron tirar proveito do diñeiro para tentar financiar o seu aparato de poder. Precisaban de diñeiro en abundancia para financiar guerras de conquista, para pagar exércitos e servidores e para soste os luxos e dispendios das súas cortes. Dado que a tributación é sempre impopular, e incrementar os ingresos por esta vía e sempre moi arriscado politicamente pois adoitaba levar consigo revoltas e desordes públicos, os gobernantes, xa dende a antigüidade, idearon numerosas formas de poder facerse con máis recursos mediante a manipulación primeiro e logo co control directo da oferta monetaria.

Comezaron primeiro con tentar controlar a acuñación de moeda, cobrando dereitos de señoreaxe, e logo unha vez obtido dito control pasaron a adulterar a moeda misturandoa con metais máis ruíns como o cobre ou o níquel, mantendo o valor nominal da mesma. Como isto tamén xeraba desordes monetarios, e tal adulteración era fácilmente observable, pasaron a usar formas máis sofisticadas de adulteración. Varias son as formas usadas, a primeira foi a de emitir títulos de dívida pública, isto é títulos cuos rendementos proceden de impostos a ser cobrados no futuro, e logo monetizalos. Isto quere decir que os títulos circulan como moeda á par co diñeiro metálico, e poden ser esixidos como pago de impostos ou recibidos como pagos estatais. O emperador Carlos I de España, por exemplo, fixo uso abundante desta figura, o que causou numerosos desordes monetarios na súa época e na dos seus sucesores e levou a España a primeira bancarrota da súa historia, nos comezos do reinado do seu fillo Filipe II.

Co paso do tempo os procedementos de control foron pouco a pouco facendose máis sofisticados. Os gobernantes comezaron a permitir a práctica da reserva fraccionaria nos bancos a cambio de obter fi-

nanciamientos destes cara os seus gastos, e logo de permitila apropiáronse eles mesmos do negocio. Todos os almacéns que se adican a custodiar bens funxiveis, isto e aqueles bens que son xenéricos e que non poden distinguirse uns dos outros como o trigo, o aceite ou os metais preciosos, teñen a tentación de gardar só unha parte dos ben depositados e usar unha parte dos seus depósitos para a especulación, na confianza de que non todos os depositantes ían acudir ao mesmo tempo a retirar seus depósitos. Isto foi sempre castigado, máis os castigos non impediron a práctica pero si a restrinxiron bastante.

No negocio bancario era moi frecuente, por exemplo, que os bancos gardasen só unha parte dos seus depósitos e usasen o resto para o comercio mercantil. Isto constituía unha fraude, dado que se estaban a incumprir os termos do contrato, que establecían a plena disponibilidad das reservas á vista, isto é a vontade do depositante. Tal fraude era severamente castigado, incluso con pena de morte. A clave consistía en que dado que os primeiros banqueiros emitían certificados sobre os depósitos de metal precioso. Eses certificados eran usados como moeda nos intercambios comerciais por comida e sen problema dado que podían ser rescatados pola súa equivalencia en metal coa mera presentación do certificado. Polo tanto estes certificados eran usados para adquirir todo tipo de bens e mercadorías. A tentación dos banqueiros corruptos era pois a de emitir máis certificados que metal existía como depósito, e con eles adquirir bens ou servizos enriquecendo por tanto aos banqueiros a costa de depreciar a moeda.

O problema permanecía limitado polo temor a sanción e polas prácticas de compensación bancaria,⁵ ata o momento en que os gobernates deciden legalizar a práctica a cambio de que se utilicen esos novos billetes para subvencionar os dispendios estatais. O estado toleraba ou impoñía esta práctica a través do chamado *curso forzoso*, polo cal os billetes bancarios tiñan que ser aceptados como pagos no terrorio

⁵ Se un banco emitía unha cantidade de billetes maior da que tiña de depósitos en ouro a probabilidade de que os outros bancos se decatase rápidamente de que é insolvente é moi grande. E moi probable que os tenedores dos billetes emitidos polo banco os depositen nos seus propios bancos comerciais e de que estes, ao presentar de forma agregada ao cobro todos os billetes que teñen contra o banco emisor, se atopen con que éste non ten ouro suficiente para atender suas demandas. Polo tanto a propia pluralidade de bancos comerciais era en principio un freno á expansión descontrolada da oferta monetaria.

baixo dominio estatal, a par co metal.

Máis adiante os gobernos reclamarán para sí o monopolio da emisión de billetes bancarios, a través do establecemento do diñeiro estatal como único diñeiro legal no territorio baixo a súa xurisdicción. O único diñeiro de curso legal será o que cada goberno determine como tal e normalmente terá a forma de papel moeda, cunha características especiais que dificulten a súa falsificación (castigada con duras penas en todas partes, dado que o único que ten o privilexio legal de manipular a moeda serán as autoridades estatais).

Desta forma nacen as moedas nacionais as que estamos acostumbrados hoxe. Lembremos que ata a aparición de diñeiro de papel nacional poderíase dicir que o diñeiro era un ben de alcance mundial, aínda que a forma e a denominación variase entre os distintos países, dado que o que era valorada era a cantidade de metal incorporada na moeda. Había dinares, doblóns, marcos ou libras, con distintos pesos e leis, así como con distintas efixies grabadas na moeda, pero cunha moeda de ouro por exemplo española podíase viaxar por practicamente todo o mundo, e adquirir bens e servizos polo valor do peso en ouro que esta tiña. Había cambistas expertos e utensilios, como a mítica pedra de toque, para determinar a pureza da moeda.⁶ En case todas partes se admitían todas as moedas en circulación e o cálculo de prezos en ouro era fácil, o cal facilitaba o comercio a nivel global, eliminando os riscos de cambio entre moedas que hoxe padecemos.

O papel moeda creou moedas con base nacional, válidas en principio só para o territorio da nación emisora, de uso obrigado e forzoso, dificultándose o uso de outras moedas no mesmo territorio. Isto reforzou moitísimo o poder político dos gobernantes dos distintos estados, e convertiuse co tempo nun atributo máis da soberanía estatal. Só hai que observar o deseño dos billetes de banco existentes para

⁶ Era tamén común morder a moeda para determinar a súa lei, como pode verse as veces nas películas ambientadas noutras épocas.

decatarse de que representan como bandeiras e himnos os símbolos do poder estatal. Neles representanse con frecuencia os rostros dos gobernantes ou dos respectivos próceres do estado, así como os dos seus principais artistas ou monumentos.

Pero da mesma forma que as distintas nacións aínda sendo todas formalmente iguais no concerto mundial de feito non o son, as súas moedas non contan todas elas coa mesmas cualidades. Pode de feito establecerse unha xerarquía de moedas a nivel mundial. A primacía de todas elas a ten o *dólar norteamericano*, que é a día de hoxe a moeda de referencia a nivel mundial. Isto implica que é a moeda usada nas transaccións económicas internacionais e a moeda de reserva mundial. Se un cidadán de Gambia quere importar algún tipo de ben do Perú terá que facer uso de dólares para tal intercambio. O dólar é a divisa na que se adquiren a meirande parte das materias primas de mundo, tales como petróleo e minerais e todo tipo de investimentos financeiros. Todos os bancos do mundo, incluídos os bancos centrais teñen unha porcentaxe dos seus activos financeiros denominados en dólares e gardan importantes reservas desta moeda

Isto conleva para os emisores de moeda norteamericana un gran privilexio, equivalente a vella *señoreaxe*, que consiste en que poden emitir grandes cantidades de moeda sen que isto repercuta na medida en que deba nos seus prezos internos, dado que boa parte de esa nova moeda non vai voltar aos Estados Unidos a reclamar bens ou servizos a cambio dela. Boa parte de ese novo diñeiro vai quedar circulando no resto do mundo ou depositado nas reservas dos bancos do resto do planeta.

Pódese afirmar, pois, que os Estados Unidos teñen o privilexio de exportar parte da súa inflación ao resto do mundo, dado que esta só lle afecta parcialmente a través do tipo de cambio de dólar, que se depreciaría nese caso, pero como só unha parte dos seus intercambios comerciais son co exterior, a potencial inflación creada pola emisión de nova moeda só lles afecta parcialmente. Este pouco coñecido

⁷ Pode verse por exemplo como cando hai movementos nalgúns países como Rusia ou China por afastarse do patrón dólar rápidamente aparece algún tipo de movemento desestabilizador neses países, impulsado máis ou menos veladamente polos servizos diplomáticos norteamericanos.

privilexio de señoreaxe é defendido moi activamente polo estado norteamericano, por todos os medios.⁷

Nun nivel inferior atoparíanse moedas de alcance rexional como o *Euro*, que no seu momento parecía que podía desafiar ao dólar na súa primacía, pero que despois das tensións monetarias derivadas da crise de 2008 parece ter cedido en tal pretensión e asumir só un papel de liderado rexional no continente europeo, contando con moedas satélites nesta contorna como a *Corona sueca* ou a *Corona danesa*, e en menor medida o Franco suízo. Outras moedas como o *rublo* ruso, o *yen* xaponés ou o *remminbi* chines teñen tamen certo liderazgo rexional, que puidera amenazar dunha forma ou outra o dominio do dólar nas súas respectivas zonas. O resto das moedas varían no grao de autonomía que teñen, e circunscribe a área dos seus respectivos estados, estando algunhas delas pegadas as divisas principais e oscilan de acordo co valor destas últimas.

En definitiva o que se conseguiu coa nacionalización do diñeiro foi descoordinar a circulación do diñeiro que pasou de ser mundial a ter unha base estatal. Esta circunstancia, convén lembrar, non ten ningún tipo de racionalidade económica, dado que os estados teñen diferentes tamaños e populacións que dependen de azares históricos, e por tanto non teñen porque ter unha dimensión adecuada para o comercio, se que esta pudesese existir. A isto se lle sumaría o risco cambiario e a tentación dos gobernantes a manipular as súas respectivas moedas por motivos de política interna, dificultando deste xeito o cálculo económico dentro e fora das fronteiras do país.

O seguinte paso tras nacionalizar o diñeiro foi primeiro suspender súa redención en metal e logo suspender calquera relación con éste. O diñeiro actual non está respaldado por nada máis que pola forza legal do curso forzoso e pola confianza que se teña na capacidade de compra do mesmo; isto é, en última

⁸ En España por exemplo os bancos teñen unha reserva do 1%.



Figura 2: Sede central do Banco Central Europeo na cidade de Frankfurt am Main. O Banco Central Europeo é o Banco Central para a Zona Euro (aqueles estados que adoptaron o Euro). Creado o 1 de Xuño de 1998 en virtude do Tratado *de Maastricht*, non exerceu as súas funcións ate a introducción do euro o 1 de Xaneiro de 1999.

instancia dependerá da capacidade de produción de tal economía, dado que o valor de dita moeda corresponderase coa capacidade adquirir bens e servizos no territorio nacional.

Nesta liña o goberno equipara o diñeiro creado polos bancos a través de depósitos, nun sistema de reserva fraccionaria co diñeiro de papel emitido polo propio goberno. Lembremos a quen non o sabe que o sistema actual de banca permite aos bancos non manter o cen por cen de reserva nos depósitos; isto é, operan cunha reserva que varía segundo os países⁸ e prestan o resto a través de apuntes bancarios que a todos os efectos legais valen igual co diñeiro de papel. A estes dous privilexios da banca comercial, reserva fraccionaria e paridade dos apuntes co diñeiro legal outorgados polo estado, engádese o feito de que estes depósitos están en boa parte garantidos polo goberno; isto é, en caso de quebra os aforradores salvarán seus depósitos ata unha cantidade, o que en outras palabras implica que os bancos terán a garantía de ser resgatados polo goberno en caso de insolvencia, alomenos nunha parte sustancial.

Os gobernos actuais rara vez emiten diñeiro directamente. Prefieren facer uso de institucións

creadas e financiadas por eles mesmos, pero que aparentemente son independentes del, chamados bancos centrais e que a través de alambicados procesos cran diñeiro da nada para financiar os gobernos ou as necesidades de liquidez da economía. Lembremos que a pesar de proclamar súa independencia tales bancos son creados por decretos estatais e privilexiados na súa tarefa polo poder dos estados. Como vemos son os bancos centrais e seus colaboradores os bancos comerciais a través dos procedementos antes indicados os encargados de determinar a cantidade de diñeiro existente na economía.

O proceso de creación de diñeiro ten varias formas pero a típica consiste na emisión de deveda pública por parte dos gobernos, que é suscrita por bancos comerciais, e logo unha vez adquirida é inmediatamente levada ao Banco central, se este manifesta mediante sutis mensaxes que ten a intención de incrementar a cantidade de diñeiro, para que este lles preste diñeiro que é ingresado nas contas que estes teñen abertas no banco central, para que estes procedan a súa multiplicación mediante o mecanismo da reserva fraccionaria. A dívida opera como garantía do préstamo e os bancos, ao mesmo tempo que recuperan inmediatamente o diñeiro gastado en suscribir a dívida, obteñen a ganancia da diferenza nos rendimentos da dívida e o tipo ao que lles é prestado. Por exemplo a dívida pode cotizar cun rendemento do 3% e o préstamo que se lles fai ser como agora ao 0,25%. Bancos e gobernos obteñen pois beneficio da creación de novo diñeiro, pero os costes son transferidos a poboación que ve a súa capacidade de compra diminuída.

Os bancos centrais cumpren tamen coa función de dotar de liquidez aos seus colaboradores, os bancos comerciais, en momentos de falta de liquidez, servindo polo tanto como forma indirecta de apoio e aval aos mesmos. Isto é necesario nun sistema de reserva fraccionaria, pois os bancos poden sufrir tensións de liquidez nos momentos en que os depositantes de forma masiva acuden a resgatar seus depósitos, dado que como antes vimos nun sistema deste tipo os bancos so conservan de forma líquida unha pequena porcentaxe dos depósitos a eles confiados. Nun sistema de reserva do cen por cen nada

5 As enfermidades do diñeiro

Como resultado da intervención estatal, ao impedir o debido axuste entre oferta e demanda monetaria o diñeiro, como calquera outra mercadoría que vexa alterada artificialmente seu prezo sofre de distintas enfermidades que logo contaxianse ao resto do corpo social. Imos centrarnos nas dúas principais, a inflación e os ciclos económicos, máis coñecidos como crises económicas.

5.1. A inflación.

A inflación é unha desorde monetaria que deriva dun cambio na relación entre os bens e a cantidade de diñeiro, que se expresa normalmente en subas xeralizadas dos prezos monetarios deses bens e servizos. Pode darse de tres formas, bem porque mantendose a cantidade de diñeiro constante se de unha gran redución dos bens e servizos nunha sociedade, debida por exemplo a unha guerra ou catástrofe natural, neste caso os prezos dos bens medidos en diñeiro subirían. Pode darse tamén por unha perda na calidade do diñeiro, isto é porque a xente prevea que o diñeiro actualmente existente, aínda sen ser alterada súa cantidade, vai perder total ou parcialmente súas propiedades como medio de cambio ou depósito de valor. E o caso das guerras, como a guerra civil española, nas cais o diñeiro da parte que se espera sexa derrotada vai perdendo paulatinamente seu valor dado que se espera que este non valga no futuro. O diñeiro da República por exemplo, a medida que vai perdendo territorios ia perdendo valor e polo tanto os compradores tiñan que entregar cantidades cada vez maiores do mesmo para obter os mesmos bens. A terceira, a máis común na actualidade e na que centraremos a nosa análise, é a que se deriva do incremento sostido da cantidade de diñeiro mantendose constantes a oferta de bens e servizos na sociedade. Usualmente débese a manipulación estatal da moeda, co fin de satisfacer súas necesidades de gasto. Guerras e crises son un bo caldo de cultivo para este tipo de inflacións. Teóricamente, no caso de prevalecer patróns de moeda metálica poderían darse inflacións por



Figura 3: Hiperinflación en Hungría nos anos 20 do século XX.

algún tipo de incremento de metal (por exemplo o fluxo de ouro de América no século XVI) pero de darse estas serían de pouca cantía dado que de darse un influxo en grande cantidade e perder o metal boa parte do seu valor os actores económicos pasarían a sustituílo por outro metal de parecidas características (cambiar ouro por prata como patrón metálico) e tamén porque deixaría de ser rendible para os propietarios das minas produci-lo e abandonarían parcialmente súa produción.

As inflacións contemporáneas incluídas as chamadas hiperinflacións nas cales o valor do diñeiro descende case a cero, como as dadas en Alemaña, Austria e Hungría nos anos vinte do pasado século, débense por tanto a actuación dos gobernos. Desde a emisión de grandes cantidades de diñeiro usando as imprentas das casas de moeda estatais a manipulación da reserva bancaria pasando pola monetización de déveda seguindo o procedemento explicado máis arriba, os gobernos emiten grandes cantidades de diñeiro para atender aos seus gastos e isto causa alteracións graves no discurrir dos procesos económicos e altera os prezos e o valor dos aforros.

Entender que as inflacións son fenómenos esencialmente monetarios non é tarefa fácil, dado que nestes casos os gobernos tenden a buscar chivos expiatorios aos que culpar dos aumentos de prezos debidos as súas manipulacións monetarias. Así especuladores e acaparadores pasan a ser sinalados como os culpabeis das subas de prezos, algo que as poboacións aceptan facilmente debido a que estas, en xeral, descoñecen os principios según os cales se determina a oferta monetaria. Pode tamén arrgumentarse que de nada serviría que os gobernos alterasen a oferta monetaria, dado que os prezos tamén subirían para eles e súa capacidade de compra permanecería intacta, peor isto sería descoñecer o papel redistributivo que ten a inflación, que é o que a fai tan atractiva para os gobernantes de todos os países. En efecto a inflación de feito funciona como un imposto invisible e aparentemente indoloro, segundo o cal o goberno obtén recursos da sociedade sen que estes sexan percibidos como tal. Poñamos un exemplo, que aínda que rudimentario podería servir para aclaralo.

Supoñamos que os Reis Magos coa mellor das súas intencións deciden, sen avisar, facer un regalo a todos os españois e duplicar a cantidade de diñeiro de que dispoñen, xa sexa en efectivo, xa sexa nos deus depósitos bancarios. As doce da noite dese mesmo día todos teremos o duplo de diñeiro que hoxe. Supostamente enton todo pasaría a costar o duplo, dado que os Reis nun multiplicaron a oferta de bens nen a capacidade de prestar servizos, máis non é eso o que acontece. Os mási madrugadores descubren felices que teñen o duplo de diñeiro e van gastalo as tendas. Dado que son os primeiros aínda compran a prezos de onte, e polo tanto si que disfrutan do diñeiro novo, adquirindo máis bens e servizos dos que poderían ter adquirido onte. A medida que vai discurrindo o día e vai despertando a xente, esta vai gastar o novo diñeiro, pero dado que a cantidade de bens e servizos non mudou e a cantidade de diñeiro a puxar por eles incrementouse os prezos van subindo pouco a pouco ao longo do día. A mediodía a xente ten o duplo de diñeiro pero os prezos son o duplo, quedando por tanto igual ca onte. Pero a xente segue chegando com muito diñeiro no peto e a oferta de bens e cada vez menor polo que os que chegan a fin do día co duplo de diñeiro observan que os prezos valen xa catro veces o de onte, e por

tanto ao final só poderán adquirir a metade dos bens que poderían ter adquirido onte.

Como vemos houbo un proceso de redistribución dos últimos cara os primeiros e vemos que a creación de diñeiro novo non é neutral. Cando o goberno e os bancos crean diñeiro novo, pagan súas dévedas a prezos de onte e beneficianse claramente do sistema mentras que aqueles como os rentistas ou pensionistas que son os últimos en disfrutar do novo diñeiro son os grandes perxudicados. Por eso apuntabamos antes, a inflación opera como un imposto e de ahí seu atractivo político. Os danos derivados da inflación non quedan ahí, pois esta ten efectos colaterais aínda máis dañinos. O primeiro é o enorme consumo de capital causado pola inflación, dado que a xente abandona os procesos productivos a longo prazo, ao non poder prever os seus rendimentos futuros, preferindo procesos a corto prazo. As amortizacións de bens de capital tamén sufren ao dificultarse o cálculo e todo isto como consecuencia da diminución radical da taxa de aforro das sociedades. As persoas reducen seu aforro ou o eliminan por completo, como no caso das hiperinflacións, porque saben que o diñeiro aforrado non vai valer nada no futuro e os aforros de toda unha vida poden volatilizarse en moi pouco tempo.

As consecuencias da desvalorización do diñeiro non so se circunscriben ao ámbito da economía, afectando a todos os ámbitos da vida social. Afecta a preferencia temporal da sociedade, levando a esta a cambiar seus hábitos de vida e consumo. Como bem se describe en libros como *El mundo de ayer* de Stephan Zweig a poboación pasa de ter hábitos de vida frugais e orientados ao futuro a adquirir hábitos de gratificación a corto prazo. Non é de extrañar que os anos vinte foran a época dourada de cabarets e outros lugares de diversión, e que se instaurasen formas de vida alegres e dispadas.

A xente corría a gastar o diñeiro no momento, antes de que este perdera o seu valor e aprendeu que prever o futuro e aforrar non valía de nada. Estas novas relacións co diñeiro alteraron incluso as relacións entre xovenes e vellos, dado que a moda social levou a valorar so o disfrute e a xuventude e comezou a desprezar a experiencia e a portación dos vellos. A inflación en última instancia levou a descapitaliación da sociedade e a desestructuración social conseguinte facilitou o caldo de cultivo para o auxe de ideoloxías como o nazismo. Isto proba a importancia do diñeiro como factor de cohesión social e

como unha das principais institucións da nosa sociedade.

5.2. As crises económicas

A outra grande enfermidade causada pola manipulación do diñeiro son os ciclos económicos, que se expresan en formas de crises económicas, dos cales o incremento da pobreza e o desemprego, a quebra simultánea de centos ou miles de empresas e perda do valor de investimentos para milleiros de persoas son só algúns dos seus síntomas. As crises non son fenómenos da natureza nen algo inerente ao noso sistema económico senon algo causado pola manipulación da moeda e o crédito por parte dos gobernos, sós ou en colaboración cos seus apéndices, os bancos centrais.

Como antes apuntamos os gobernos crean diñeiro da nada e isto ten unha consecuencia central sobre o prezo do diñeiro ou taxa de xuro. Canto mais diñeiro exista no mercado máis barato será obter diñeiro e isto se reflectirá no prezo a que este se presta. O que acontece é que a taxa de xuro, ou prezo do diñeiro, é o prezo central do sistema económico, pois serve para calcular a rendabilidade dos investimentos que podamos emprender, e polo tanto a súa pertinencia ou non. Indiquemos que tal prezo nunha economía de mercado nos informa sobre a disponibilidad ou non de capitais para investir. Un xuro alto é como unha sinal que nos di que o capital é escaso e que polo tanto non podemos adquirir nova maquinaria, ampliar nosa produción ou incluso adquirir bens de consumo. Nos advertirá de que non é o momento de facelo, dado que o capital é escaso e só aqueles investimentos que consigan batir esa alta taxa de xuro poderán ser emprendidos. Ao mesmo tempo esa alta taxa de xuro animará, atraída por esa alta rendabilidade, aos actores económicos a aforrar máis e polo tanto a medio prazo a disponibilidad de capitais aumentará o que levará a un descenso paulatino da taxa de xuro. Pola contra unha baixa taxa de xuro producirá os resultados opostos. Indicará que a disponibilidad de capitais prestables é alta e polo tanto que é o momento de ampliar os procesos productivos, adquirir maquinaria ou bens de equipo e incluso adquirir bens de consumo duradeiro como casas, autos ou equipamentos domésticos.



Figura 4: Colas na Grande Depresión.

O problema ven de si tal expansión ou depresión do crédito dase polas dipoinibilidades reais de capitais ou só é algo ficticio, derivado da manipulación estatal das taxas de xuro, vía emisión masiva de novo diñeiro. De ser este o caso, como por desgraza é frecuente os actores económicos veráanse masivamente enganados e polo tanto tomarán decisións económicas erróneas. Os gobernos gustan dos tipos baixos de xuro, bem polos efectos redistributivos que ten tal emisión, bem porque os tipos aos que emiten ou pagan as súas dévedas serán máis baixos, pois a inflación como antes vimos é unha fórmula bastante efectiva de pagar os seus compromisos sen ter que subir impostos e polo tanto xerar descontento entre a poulación. E como gustan dos tipos baixos terán por conseguinte a tentación de manipularlos a baixa mediante múltiples operacións realizadas coa cooperación do banco central e os bancos comerciais.

Esta baixada de tipos non será sen consecuencias. Nunha primeira fase vivirase unha sensación de euforia nos mercados. Os procesos productivos ampliaranse, haberá unha sensación de riqueza, os salarios subirán e se crearán muitas novas empresas. É un efecto ilusorio, equivalente ao dun labrego que

decide consumir este ano o millo que tiña gardado para a semente do ano que ven. Se consume o millo da semente este ano poderá criar máis animais, disfrutar de empanadas e comida en abundancia.

O problema virá cando teña menos millo para sementar o ano que ven e polo tanto súa colleita sexa menor. Non poderá seguir mantendo os seus animais e terá menos millor para comer ou cociñar. Pagará com pobreza futura as alegrías presentes. Algo moi semellante ocurrirá coa economía suxeita a expansións artificiais de crédito. Derrochará o capital acumulado en alegrías mentras dure a etapa de expansión pero terá que pagalo coa falta de capital no futuro, tendo que abandonar procesos productivos medio comezados e sufrindo pobreza no futuro, que afectará a queles sectores que máis se expandiron na etapa de bonanza.

A consecuencia por tanto dunha expansión artificial do crédito é o consumo do capital diponible, e polo tanto unha menor produccion no futuro co seu correlato en pobreza, escasez e baixos salarios. Unha sociedade máis pobre, com menor capacidade produccion, implica por forza salarios máis baixos, en especial nos sectores nos que os malos investimentos se fixeron máis evidentes. Impedir o axuste salarial, mediante leis ou negociacións colectivas forzosas so conseguirá incrementar o número de desempregados ou que estes non podan incorporarse as partes máis sanas da economía. Como o habitual e impedir o axuste, o máis frecuente é que as crises económicas veñan acompañadas por desemprego masivo. Tamén existe a tentación por parte dos gobernos de intentar sair da crise levando a cabo as mesmas medidas que nos conduciron a ela, isto é imprimiendo ou inxectando, como se di na xiria dos economistas, diñeiro fresco a economía.

Isto non fai máis que agravar o problema e retrasar os axustes, que aínda que dorosos ao comezo son a única forma de comezar o camiño da recuperación de forma sá e sostible. Os gobernos nestas ocasións teñen a tentación de tentar salvar as industrias en crise, para tratar de mitigar a corto prazo o dano que sobre determinados sectores causou o malinvestimento. Tamén se ven obrigados a incrementar o gasto social, debido ao incremento de gastos en partidas como os subsidios de

desemprego ou as axudas a pobreza.

Dado que o estado ve diminuídos seus recursos polo descenso da actividade económica, o financiamento destas partidas farase tamén mediante a emisión de máis débeda pública o que ao final agravará de novo o problema monetario de orixe, de monetizarse esta. Tamén retrasará a saída da crise ao darse o fenómeno de expulsión. Este fenómeno consiste en que a débeda pública normalmente despraza ao aforro privado como alternativa de investimento, o que quere dicir que os escasos aforros que queden en vez de seren usados en financiar proxectos productivos e en sanear a estrutura de capital serán usados en gasto de consumo corrente, ralentizándose así de novo a saída da crise. Como vemos a desorde monetaria continúa despois de a crise facerse evidente, e para tentar sanala usanse os mesmos procedimentos que nos conduciron ao desastre.

6

Conclusiones: Voltar a un patrón monetario san

Despois de ver os desastres aos que fomos conducidos pola manipulación estatal do diñeiro, habería que comezar a debater a posibilidade de adoptar patróns monetarios sanos, que robustezan ao diñeiro como institución central da sociedade e que nos vacinen contra as súas enfermidades. Este novo modelo implicaría desestatizar o diñeiro e transformalo nalgún tipo de patrón baseado en mercadorías, normalmente metais nobles. Tamén implicaría a reforma das actuais institucións financeiras, comezando pola abolición dos bancos centrais e a transformación dos actuais bancos comerciais en bancos libres, con posibilidade de emitir seu propio diñeiro con base en mercadorías, e eliminando o privilexio legal da reserva fraccionaria e seus correlatos do curso forzoso e a garantía de depósito. Nesto nos xogamos a prosperidade e en última instancia o provir da liberdade, a paz e a prosperidade das nosas nacións.

Para saber más...

Enlaces de interese

<http://www.mises.org.br/Ebook.aspx?id=76>

<http://www.mises.org.br/Ebook.aspx?id=65>

<http://www.mises.org.br/Ebook.aspx?id=92>

<http://www.mises.org.br/Ebook.aspx?id=57>

<https://www.youtube.com/watch?v=33ozcFcgWlc>

RESUMO

1. O diñeiro e a principal das institucións económicas.
2. o diñeiro cumpre unha enorme cantidade de funcións sen as cales a coordinación da vida social sería moito máis difícil. Estas funcións son servir de unidade de conta, posibilitar a división do traballo, serve como depósito de valor, é garante da liberdade do ser humano, e, finalmente, serve como medio de pago.
3. A intervención estatal na moeda e crédito pode provocar inflación e crises económicas.

ACTIVIDADES

1. Lista dez obxectos de uso común. Intenta describir todos os procesos que levaron a súa fabricación e comproba se algún deles podería ser producido en ausencia de diñeiro.
2. Intenta describir os problemas que se poderían plantexar no paso dun patrón de diñeiro como o actual a un sistema de patrón metálico. É un exercicio complexo pero servirá para que vexas a enorme complexidade que ten unha orde espontánea como diñeiro. Discute só algúns deles.

